

obradoiro de artesanía

Publicación anual de Artesanía de Galicia / Annual publication from Artesanía de Galicia nº15 xullo/julio/July 2017



XUNTA DE GALICIA



ARTESANÍA
DE GALICIA





Francisco Conde López
Consejero de Economía,
Emplego e Industria

Un ano máis escribo estas liñas para presentar o novo número da revista *Obradoiro de Artesanía*. Unha revista que segue demostrando o seu compromiso coa artesanía galega recollendo os valores tradicionais, impulsando a innovación e o seu interese por ofrecer un espazo de visibilidade a todos os creadores e creadoras que decidiron apostar por este sector en Galicia.

Nestas páxinas descubriremos o bo facer dos artesáns e artesás ademais da evolución dun sector que demostrou ser quen de asumir os novos retos que demanda a sociedade actual. O emprendemento, a capacidade de integrar as tecnoloxías e as novas ferramentas de creación ou o respecto e conservación das nosas raíces son algunhas das calidades que os definen. A través de iniciativas como os **Premios Artesanía de Galicia 2016**, que permiten recoñecer a traxectoria de artesáns xa consolidados e impulsar a formación de mozos creadores, o fomento e a promoción da actividade artesanal tanto a nivel nacional como internacional.

Nesta ocasión, teremos a oportunidade de coñecer aos xoieiros de **Noroeste Obradoiro** e de falar cos representantes da firma cerámica **Madriquera Workshop**, gañadores do Premio Artesanía de Galicia e o Premio Bolsa Eloy Gesto, respectivamente, os que nos contarán os beneficios destes recoñecementos. **Verónica Moar** informáramos da súa traxectoria no mundo da cerámica e a experiencia da súa estancia en Xapón, que gozou grazas á Bolsa Eloy Gesto do pasado ano.

Neste número tan heteroxéneo, que amosa as múltiples expresións da práctica artesanal, coñeceremos as técnicas de encadernación da man de Pablo Otero Pino, ao fronte de **Pino Encuadernaciones**, o oficio do fotógrafo analóxico que defende **Peter Schneider** e a ourivaría de autor de **Fink Orfebres**. Comprácenos tamén anunciar a incorporación de novos obradoiros que iniciaron hai pouco a súa carreira e que supoñen, sen dúbida, un valor engadido para Artesanía de Galicia. Representáanos nesta ocasión as marcas de **Ojea Studio**, **O Cunqueiro de Palas** e **Quercur**.

Doutra banda, na revista tamén adiantamos que os días 1 e 2 de outubro, na Cidade da Cultura de Galicia, terán lugar as **Primeiras Xornadas Profesionais de Artesanía no Prato**, unha iniciativa que nos descubrirá as interesantes colaboracións que se están a producir entre artesanía, restauración e hostalaría, unha maridaxe perfecta.

Conscientes da importancia de revestir os saberes clásicos cun perfil moderno que acredite a súa significación na sociedade actual, cada vez son máis os artesáns e artesás que exploran as posibilidades da tecnoloxía dixital, así en **Artesanía de Galicia nun click** amósanse os obradoiros artesáns con venda *online*.

Podemos sentir a responsabilidade, a creatividade e o agarimo que o sector artesanal galego amosa en cada un dos seus proxectos e que, co soporte da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, contribúe a seguir progresando no desenvolvemento dunha artesanía contemporánea de indubidable calidade.

Un año más, escribo estas líneas para presentar el nuevo número de la revista *Obradoiro de Artesanía*. Una revista que sigue demostrando su compromiso con la artesanía gallega recogiendo los valores tradicionales, impulsando la innovación y su interés por ofrecer un espacio de visibilidad a todos los creadores y creadoras que han decidido apostar por este sector en Galicia.

En estas páginas descubriremos el buen hacer de los artesanos y artesanas además de la evolución de un sector que ha demostrado ser capaz de asumir los nuevos retos que demanda la sociedad actual. El emprendimiento, la capacidad de integrar las tecnologías y las nuevas herramientas de creación o el respeto y conservación de nuestras raíces son algunas de las cualidades que los definen. A través de iniciativas como los **Premios Artesanía de Galicia 2016**, que permiten reconocer la trayectoria de artesanos ya consolidados e impulsar la formación de jóvenes creadores, el fomento y la promoción de la actividad artesanal tanto a nivel nacional como internacional.

En esta ocasión, tendremos la oportunidad de conocer a los joyeros de **Noroeste Obradoiro** y de hablar con los representantes de la firma cerámica **Madriguera Workshop**, ganadores del Premio Artesanía de Galicia y el Premio Beca Eloy Gesto, respectivamente, quienes nos contarán los beneficios de estos reconocimientos. **Verónica Moar** nos informará de su trayectoria en el mundo de la cerámica y la experiencia de su estancia en Japón, que disfrutó gracias a la Beca Eloy Gesto del pasado año.

En este número tan heterogéneo, que demuestra las múltiples expresiones de la práctica artesanal, conoceremos las técnicas de encuadernación de la mano de Pablo Otero Pino, al frente de **Pino Encuadernaciones**, el oficio del fotógrafo analógico que defiende **Peter Schneider** y la orfebrería de autor de **Fink Orfebres**. Nos complace también anunciar la incorporación de nuevos talleres que han iniciado hace poco su carrera y que suponen, sin duda, un valor añadido para Artesanía de Galicia. Los representan en esta ocasión las marcas de **Ojea Studio**, **O Cunqueiro de Palas** y **Quercur**.

Por otra parte, en la revista también adelantamos que los días 1 y 2 de octubre, en la Cidade da Cultura de Galicia, tendrán lugar las **Primeras Jornadas Profesionales de Artesanía no Prato**, una iniciativa que nos descubrirá las interesantes colaboraciones que se están produciendo entre artesanía, restauración y hostelería, un maridaje perfecto.

Conscientes de la importancia de revestir los saberes clásicos con un perfil moderno que acredite su significación en la sociedad actual, cada vez son más los artesanos y artesanas que exploran las posibilidades de la tecnología digital, así en **Artesanía de Galicia en un click** se muestran los talleres artesanos con venta *online*.

Podemos sentir la responsabilidad, la creatividad y el cariño que el sector artesanal gallego demuestra en cada uno de sus proyectos y que, con el soporte de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, contribuye a seguir progresando en el desarrollo de una artesanía contemporánea de indudable calidad.

One more year, I am writing a few lines to introduce the new issue of *Obradoiro de Artesanía* magazine, a magazine that continues to show its commitment to Galician handicraft by collecting the traditional values, promoting innovation and showing its interest in providing all those creators who have chosen this sector in Galicia with a space of visibility.

In these pages we will find out about the craftsmen's expertise and the evolution of a sector that has proven itself capable of taking on the new challenges that the current society demands. Some of the defining qualities of these professionals are their entrepreneurship, their ability to use technology and new creation tools or their respect for our roots and their preservation. Furthermore, thanks to initiatives such as the **Artesanía de Galicia Awards 2016**, the work of well-established craftsmen can be acknowledged and training for young creators can be encouraged, as well as the development and promotion of handicraft both nationally and internationally.

This time we will have the opportunity to know more about the jewellers from **Noroeste Obradoiro** and talk to the representatives of the ceramics firm **Madriguera Workshop**, who have been awarded the Artesanía de Galicia Award and the Eloy Gesto Scholarship Award, respectively, and who will tell us about the benefits of these prizes. **Verónica Moar** will inform us of her work in the world of ceramics and her experience during her stay in Japan thanks to last year's Eloy Gesto Scholarship Award.

In such a heterogeneous issue as this one, which shows the numerous expressions of handicraft, we will learn about bookbinding techniques thanks to Pablo Otero Pino, manager of **Pino Encuadernaciones**, about the trade of an analogue photographer, defended by **Peter Schneider**, and about signature silversmithing, carried out by **Fink Orfebres**. We are also pleased to announce new registrations of recently set up workshops, which without a doubt mean an added value to Artesanía de Galicia. This is the case of the brands **Ojea Studio**, **O Cunqueiro de Palas** and **Quercur**.

On the other hand, it is also revealed in this magazine that on the 1st and 2nd October the Cidade da Cultura de Galicia will be the venue for the **First Professional Conference Artesanía no Prato**, an initiative in which we will find out about the interesting collaborations that are taking place between handicraft and the hotel and restaurant industry — the perfect combination.

Aware of the importance of covering classic knowledge with a modern profile that confirms their significance in the current society, a growing number of craftsmen are exploring the possibilities of digital technology. Workshops selling their handicrafts online are included in **Artesanía de Galicia in one click**.

We can feel the responsibility, creativity and affection shown by the Galician craft sector in each of its projects, which, with the support of the Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, contributes to continue to progress in the development of contemporary handicraft of undoubted quality.



Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Economía, Emprego e Industria
Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Coordinación

María Noya
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 999 171 Fax 881 999 170
centro.artesania@xunta.gal | artesaniadegalicia.xunta.gal

📘 fcgadpage
🐦 @fun_artesania
📍 artesanía_de_galicia
📍 fcgad

Maquetación, realización

DARDO | info@dardo.gal

Redacción

Miguel Bertojo, Sara Donoso, DARDO

Fotografía

Eduardo Armada, Julio Eiroa, César Martínez, Mayo,
Peter Schneider, DARDO e contribucións dos artesáns.

D.L. C-4788-2008
ISSN 2529-9468

sumario



- 2 LIMIAR
Introducción
Introduction

- 6 PREMIOS ARTESANÍA DE GALICIA 2016
Artesanía de Galicia Awards 2016

- 20 MINIMALISMO E HARMONÍA NA XOIARÍA CONTEMPORÁNEA.
ENTREVISTA CON NOROESTE OBRADOIRO
Minimalismo y armonía en la joyería contemporánea.
Entrevista con Noroeste Obradoiro
Minimalism and harmony in contemporary jewellery.
Interview with Noroeste Obradoiro



- 30 CERÁMICA OPTIMISTA E VIVAZ.
ENTREVISTA CON MADRIGUERA WORKSHOP
Cerámica optimista y vivaz. Entrevista con Madriguera Workshop
Optimistic and lively ceramics. Interview with Madriguera Workshop




- 40 A ARXILA COMO EXPRESIÓN DE SENSACIONES.
ENTREVISTA CON VERÓNICA MOAR
La arcilla como expresión de sensaciones. Entrevista con Verónica Moar
Clay as an expression of sensations. Interview with Verónica Moar

- 50 PINO ENCUADERNACIONES. EMBELECENDO HISTORIAS
Pino Encuadernaciones. Embelleciendo historias
Pino Encuadernaciones. Embellishing stories




- 58 PETER SCHNEIDER. UN ARTESÁN DA IMAXE
Peter Schneider. Un artesano de la imagen
Peter Schneider. An image artisan

- 66 NOVAS INCORPORACIÓNS EN ARTESANÍA DE GALICIA
Nuevas incorporaciones en Artesanía de Galicia
New registrations in Artesanía de Galicia




- 68 OJEA STUDIO. CERÁMICA CON ALMA DE ENXEÑARÍA
Ojea Studio. Cerámica con alma de ingeniería
Ojea Studio. Ceramics with an engineering soul

- 72 RECUPERANDO O OFICIO DO CUNQUEIRO
Recuperando el oficio del cunqueiro
Restoring the trade of a cunqueiro



- 76 QUERCUR LEATHERCRAFT. PAIXÓNS QUE LEVAN CARA AO COIRO
Quercur Leathercraft. Pasiones que llevan hacia el cuero
Quercur Leathercraft. Passions that lead to leather soul

- 80 FINK ORFEBRES. TRADICIÓN E VANGARDA
Fink Orfebres. Tradición y vanguardia
Fink Orfebres. Tradition and vanguard



- 88 ARTESANÍA DE GALICIA NUN CLICK
Artesanía de Galicia en un click
Artesanía de Galicia in one click

- 92 ARTESANÍA NO PRATO. PRIMEIRAS XORNADAS PROFESIONAIS
1-2 OUTUBRO
Artesanía no Prato. Primeras jornadas Profesionales 1-2 octubre
Artesanía no Prato. First Professional Conference 1st-2nd October

Premios Artesanía de Galicia



PREMIOS ARTESANÍA DE GALICIA 2016

ARTESANÍA DE GALICIA AWARDS 2016

Miguel Bertojo

O pasado 20 de decembro, a Sala Cinc da Cidade da Cultura de Galicia volveu ser o escenario do acto de entrega dos Premios Artesanía de Galicia 2016, convocados pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, dependente da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Estes prezados galardóns recoñecen o talento, a creatividade, a mellora continua e o afán innovador dos profesionais e obradoiros galegos, contribuíndo así á súa promoción e desenvolvemento e impulsando a súa renovación xeracional. A convocatoria enmárcase nos obxectivos da artesanía galega, que pretende afianzar a súa competitividade e a súa capacidade de innovación, divulgar a diversidade dos seus oficios, consolidar a un tempo a marca Artesanía de Galicia e promover a incorporación de novos talentos, apoiando *ex profeso* a súa formación especializada.

El pasado 20 de diciembre, la Sala Cinc de la Cidade da Cultura de Galicia volvió a ser el escenario del acto de entrega de los Premios Artesanía de Galicia 2016, convocados por la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, dependente de la Dirección Xeral de Comercio e Consumo de la Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Estos preciados galardones reconocen el talento, la creatividade, la mejora continua y el afán innovador de los profesionales y talleres gallegos, contribuyendo así a su promoción y desarrollo e impulsando su renovación generacional. La convocatoria se enmarca en los objetivos de la artesanía gallega, que pretende afianzar su competitividad y su capacidad de innovación, divulgar la diversidad de sus oficios, consolidar a un tempo la marca Artesanía de Galicia y promover la incorporación de jóvenes talentos, apoyando *ex profeso* su formación especializada.

On 20th December 2016, the Sala Cinc in the Cidade da Cultura de Galicia was once again the venue for the ceremony of the Artesanía de Galicia Awards 2016, which are granted by the Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, under the Dirección Xeral de Comercio e Consumo of the Consellería de Economía, Emprego e Industria.

These important awards recognise Galician craftspeople and workshops for their talent, their creativity, their constant progress and their eagerness to innovate; and, therefore, they contribute to their promotion and development and encourage the generational shift. These awards focus on the objectives of Galician craft, that is to say, guaranteeing its competitiveness and its ability to innovate, making its variety of trades widely known, strengthening the brand Artesanía de Galicia and fostering the professional integration of young talented artisans by expressly supporting their specialised training.



TODO LISTO PARA A ENTREGA
TODO LISTO PARA LA ENTREGA



EVERYTHING IS READY FOR
THE AWARDS CEREMONY



As instantáneas apresuradas no *photocall* fronte á sala, o nerviosismo non disimulado, o ir e vir de familiares e amigos dos candidatos... Todo parecía un elaborado *déjà vu*, ata que os xestos de apremio das azafatas para acomodar á nutrida concorrencia puxeron fin á sensación de algo xa vivido na anterior edición.

Las instantáneas apresuradas en el *photocall* frente a la sala, el nerviosismo indisimulado, el ir y venir de familiares y amigos de los candidatos... todo parecía un elaborado *déjà vu*, hasta que los gestos de apremio de las azafatas para acomodar a la nutrida concorrencia pusieron fin a la sensación de algo ya vivido en la anterior edición.

The hasty photographs during the *photocall* in front of the venue, the undisguised nervousness, the continuous coming and going of the candidates' relatives and friends... All seemed an elaborate *déjà vu* until the hostesses started to hurry such a large crowd to show them to their seats, putting an end to that feeling of being experiencing something already lived the previous year.

O certo é que todo estaba previsto ao detalle. A cerimonia, presidida por Francisco Conde, titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, empezou puntualmente ás 12.00 horas. As luces apagáronse pouco a pouco mentres soaban os compases de *Canteixere*, interpretada por Luar na lubre, os murmurios deron paso a un respectuoso silencio. Segundos despois, a voz

Lo cierto es que todo estaba previsto al detalle. La cerimonia, presidida por Francisco Conde, titular de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, empezou puntualmente a las 12:00 horas. Las luces se apagaron poco a poco mentres sonaban los compases de *Canteixere*, interpretada por Luar na lubre, y los murmullos dieron paso a un respectuoso silencio. Segundos después, la

There is no doubt that everything was carefully planned. The ceremony, with Francisco Conde presiding (the Conselleiro of the Consellería de Economía, Emprego e Industria), started punctually at 12:00. The lights began to gradually fade out while the notes of Luar na Lubre's *Canteixere* could be heard, and murmuring died to a respectful silence. After a few seconds, the calm voice of Sol Vázquez, the



sosegada de Sol Vázquez, directora xeral de Comercio e Consumo e, á sazón, presidenta do xurado, resoou no auditorio dando a benvida aos asistentes e ás autoridades invitadas.

De novo, o xurado —integrado por Marta López, subdirectora xeral de Comercio; Santiago Riande, director da EASD Mestre Mateo; Eduardo Valiña, comisario e artista multidisciplinar; Luis Gil, arquitecto; Miriam Pérez, directora da Galería Vilaseco, Laboratorio Creativo; e, como secretaria, con voz pero sen voto Elena Fabeiro, xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño— estivo á altura do fallo. Así quedou de manifesto na reacción do auditorio ao escoitar os nomes dos premiados.

voz sosegada de Sol Vázquez, directora xeral de Comercio e Consumo y, a la sazón, presidenta del jurado, resonó en el auditorio dando la bienvenida a los asistentes y a las autoridades invitadas.

De nuevo, el jurado —integrado por Marta López, subdirectora xeral de Comercio; Santiago Riande, director de la EASD Mestre Mateo; Eduardo Valiña, comisario y artista multidisciplinar; Luis Gil, arquitecto; Miriam Pérez, directora de la Galería Vilaseco, Laboratorio Creativo; y, como secretaria, con voz pero sin voto Elena Fabeiro, gerente de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño— estivo a la altura del fallo. Así quedó de manifesto en la reacción del auditorio al escuchar los nombres de los premiados.

Director-General of the Dirección Xeral de Comercio e Consumo and the president of the judging panel, resounded in the auditorium to welcome the audience and the invited authorities.

Once again, the panel of judges — Marta López, the Deputy Director-General of the Dirección Xeral de Comercio e Consumo; Santiago Riande, the director of the EASD Mestre Mateo; Eduardo Valiña, a curator and multidisciplinary artist; Luis Gil, an architect; Miriam Pérez, the director of the Galería Vilaseco-Laboratorio Creativo; and Elena Fabeiro, the secretary of the panel (with voice but not vote) and the manager of the Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño — rose to the occasion, as it became clear with the reaction of the audience when they heard the names of the award-winners.

DESVÉLASE POR FIN O NOME DOS GAÑADORES...

A primeira entrega foi a do **Premio Bolsa Eloy Gesto**, dotado con 3.000 euros, instituído en homenaxe ao mestre ourive compostelán falecido no 2011, cun propósito: profesionalizar a novos talentos para garantir así o relevo xeracional. Distingue a candidatura cunha proposta de formación nun centro de referencia e do coñecemento que obterá a cambio. A súa concesión está supeditada ao papel das novas tecnoloxías na proposta e a súa posterior aplicación a un produto innovador.

E en estrita correspondencia con tal propósito, Leonor Beiroa, viúva do ourive, entregou a bolsa a **Madriguera Workshop** (Miño, A Coruña). Un obradoiro de cerámica dedicado ao deseño e elaboración de pezas de autor ao torno con diferentes arxilas, e de series limitadas en moldes de louza e porcelana, fundado en 2012 por Lydia de la Piñera (Ferrol, 1983) e Luis Llamas (Madrid, 1979), ambos con formación en artes aplicadas. "Somos creadores de obxectos cheos de vida", afirmaron ao recibir a que será a súa visa a un *workshop* impartido polo danés Eric Landon no seu estudio Tortus Copenhaguen, e que terá o seu reflexo nunha nova colección prevista para o próximo setembro.



Premios Artesanía de Galicia 2016

PREMIO ARTESANÍA DE GALICIA ARTESANÍA DE GALICIA AWARD

Premio | Award

Voluta, Volutidae. Noroeste Obradoiro

Xoiaría | Joyería | Jewellery

Santiago de Compostela

Finalista | Finalist

Frío-caliente. Víctor Ares

Cerámica | Ceramics

A Coruña

Finalista | Finalist

Tallasia. Rosa Méndez

Xoiaría | Joyería | Jewellery

Teo (A Coruña)

PREMIO TRAXECTORIA

PREMIO TRAYECTORIA

CAREER AWARD

Julio Lado

Ourivaría e prataría | Orfebrería y platería

| Jewellery and Silversmithing

Santiago de Compostela

BOLSA ELOY GESTO

BECA ELOY GESTO

ELOY GESTO SCHOLARSHIP AWARD

Madriguera Workshop

Cerámica | Ceramics

Miño (A Coruña)

SE DESVELA POR FIN EL NOMBRE DE LOS GANADORES...

La primera entrega fue la del **Premio Beca Eloy Gesto**, dotado con 3.000 euros, instituido en homenaje al maestro orfebre compostelano fallecido en 2011, con un propósito: profesionalizar a nuevos talentos para garantizar así el relevo generacional. Distingue la candidatura con una propuesta de formación en un centro de referencia y del conocimiento que obtendrá a cambio. Su concesión está supeditada al papel de las nuevas tecnologías en la propuesta y a su posterior aplicación a un producto innovador.

Y en estricta correspondencia con tal propósito, Leonor Beiroa, viuda del orfebre, entregó la beca a **Madriguera Workshop** (Miño, A Coruña). Un taller de cerámica dedicado al diseño y elaboración de piezas de autor al torno con diferentes arcillas, y de series limitadas en moldes de loza y porcelana, fundado en 2012 por Lydia de la Piñera (Ferrol, 1983) y Luis Llamas (Madrid, 1979), ambos con formación en artes aplicadas. "Somos creadores de objetos llenos de vida", afirmaron al recibir la que será su visa a un *workshop* impartido por el danés Eric Landon en su estudio Tortus Copenhague, y que tendrá su reflejo en una nueva colección prevista para el próximo septiembre.



THE NAMES OF THE AWARD-WINNERS ARE FINALLY REVEALED...

The first award of the ceremony was the **Eloy Gesto Scholarship Award**, which is worth €3,000 and was created in honour of the master silversmith from Santiago de Compostela, who died in 2011, with the purpose of professionalising new talented artisans in order to ensure generational replacement. Candidates who wished to compete for this prize had to submit a training proposal in a centre of reference explaining the importance of the knowledge which they would gain. The award is subject to the role of new technologies in that proposal and its subsequent implementation in an innovative product.

In strict conformity with that purpose, Leonor Beiroa, the widow of the silversmith, granted the scholarship to **Madriguera Workshop** (Miño, A Coruña). This is a ceramics studio devoted to designing and making signature pieces on the potter's wheel with different types of clay, as well as limited series of porcelain and crockery moulds. It was established in 2012 by Lydia de la Piñera (Ferrol, 1983) and Luis Llamas (Madrid, 1979), both trained in applied arts. "We create objects full of life," they said when they received their "visa" to a workshop taught by the Danish potter Eric Landon in his studio Tortus Copenhagen, which will have its impact on a new collection set to be released in September.

Premios Artesanía de Galicia



Na súa segunda convocatoria, o **Premio Traxectoria**, de carácter honorífico, recoñece o conxunto e a calidade da obra dun profesional; pero, sobre todo, o seu compromiso coa divulgación e transmisión do seu oficio e dos valores positivos da artesanía. As candidaturas preséntanas ou terceiros obradoiros, ou asociacións profesionais de artesáns, institucións ou entidades públicas ou privadas.

Presente coma un invitado máis, o galardón recaeu nun atónito e emocionado **Julio Lado** (Compostela, 1937), ourive e prateiro, a proposta da Asociación Galega de Artesáns. Á súa dilatada traxectoria hai que sumar a calidade dos seus innumerables traballos; pero, sobre todo, a súa contribución á posta en valor dun oficio milenario e ao seu pertinaz compromiso co relevo xeracional. Aínda que xa xubilado, Lado segue golpeando o cicel coa contundencia e seguridade de antano, ou manexando o buril con precisión milimétrica e paciencia infinita. "Cada vez que recibo un encargo, idéoo, fago o bosquejo durante meses e, finalmente, concrétoo...", describiu.

Discípulo de mestres como Francisco Asorey ou Roberto del Blanco na entón Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo, quizais sexa o último dunha saga que comezou hai 130 anos co seu bisavó Andrés, orixinalmente broncista. O seu avó gañou unha Medalla de Ouro ao Mérito Artesán en 1909 cunha bandexa para Alfonso XII.

En su segunda convocatoria, el **Premio Trayectoria**, de carácter honorífico, reconoce el conjunto y la calidad de la obra de un profesional; pero, sobre todo, su compromiso con la divulgación y transmisión de su oficio y de los valores positivos de la artesanía. Las candidaturas las presentan o terceros talleres, o asociaciones profesionales de artesanos, instituciones o entidades públicas o privadas.

Presente como un invitado más, el galardón recayó en un atónito y emocionado **Julio Lado** (Compostela, 1937), orfebre y platero, a propuesta de la Asociación Galega de Artesáns. A su dilatada trayectoria hay que sumar la calidad de sus innumerables trabajos; pero, sobre todo, su contribución a la puesta en valor de un oficio milenario y su pertinaz compromiso con el relevo generacional. Aunque ya jubilado, Lado sigue golpeando el cincel con la contundencia y seguridad de antaño, o manejando el buril con precisión milimétrica y paciencia infinita. "Cada vez que recibo un encargo, lo ideo, lo boceto durante meses y, finalmente, lo concreto...", describió.

Discípulo de maestros como Francisco Asorey o Roberto del Blanco en la entonces Escuela de Artes y Oficios Mestre Mateo, quizá sea el último de una saga que comenzó hace 130 años con su bisabuelo Andrés, originalmente broncista. Su abuelo ganó una Medalla de Oro al Mérito Artesano en 1909 con una bandeja para Alfonso XII.

The second prize, the honorary **Career Award**, recognises the works of a professional artisan as a whole and their quality, but, above all, his/her commitment to spreading and passing on the trade and conveying the positive values of craft. Candidacies are submitted by other studios, professional artisans' associations, public institutions or private or public organisations.

At the proposal of the Asociación Galega de Artesáns, the award went to the silversmith **Julio Lado** (Compostela, 1937), who was present as a guest and was astonished and deeply moved. In addition to his long career and the quality of his countless works, he especially stands out because of his efforts to promote this millenary trade and his resolute commitment to generational replacement. Although he retired, Lado still hits the chisel with the same strength and confidence as in the old days and uses the burin with pinpoint accuracy and infinite patience. "Every time I have an order, I design it and sketch it for months until I finally concretise it," he explained.

"We were six of my ten brothers, two workers and a shop assistant. We made crucifixes, baptismal fonts, chalices, sacraria, patens..."

This pupil of masters such as Francisco Asorey or Roberto del Blanco at the old Mestre Mateo Arts and Trades School might be the last one in a family line of artisans which started 130 years ago with his great-grandfather Andrés, who was originally a bronzesmith. His grandfather was awarded the Gold Medal of Merit in Craft in 1909 thanks to a tray for Alfonso XII. His brother Ángel won the National Silversmithing Prize in 1947 and Julio received the first prize of trade expertise of the province in 1982, promoted by the Ministry of Culture.

At the height of the family workshop, "we were six of my ten brothers, two workers and a shop assistant. We made crucifixes, baptismal fonts, chalices, sacraria, patens..." But they also received secular orders from Japan, USA... "Queen Fabiola of Belgium ordered a heart-shaped lamp when King Baudouin died. She said that he had a great heart and she wanted to remember him that way," he explained. "Patience is one of the virtues of silversmiths; I started as an apprentice, no rush. It takes a life, or maybe several lives, to learn the trade of a silversmith... If you don't have it in your blood, it can wear you out," he said in the presence of the attentive conselleiro, Francisco Conde.



“Chegamos a traballar seis dos meus dez irmáns, dous operarios e unha dependenta. Facíamos crucifixos, pías bautismais, cálices, sagrarios, patenas...”

“Llegamos a trabajar seis de mis diez hermanos, dos operarios y una dependienta. Hacíamos crucifijos, pilas bautismales, cálices, sagrarios, patenas...”

O seu irmán Ángel, xa finado, gañou o Premio Nacional de Ourivaría no 1947. E Julio recibiu o primeiro premio provincial de destreza no oficio no 1982, promovido polo Ministerio de Cultura.

No momento álxido do obradoiro familiar, “chegamos a traballar seis dos meus dez irmáns, dous operarios e unha dependenta. Facíamos crucifixos, pías bautismais, cálices, sagrarios, patenas...”. Pero tamén encargos máis profanos para Xapón, EE.UU... “Fabiola de Bélxica pediunos unha lámpada en forma de corazón cando morreu Balduino, dicía que tivera un corazón enorme e así o recordaría”, relatou. “Unha das virtudes dun artesán da prata é a paciencia: eu empecei como aprendiz, sen présas. A ourivaría precisa dunha vida de aprendizaxe ou, quizais, varias... Se non se leva no sangue, pode desgastar moito”, concluíu ante a atenta mirada do conselleiro, Francisco Conde.

E, xa por fin, foi a quenda do galardón estrela: o Premio Artesanía de Galicia 2016, dotado con 6.000 euros. “Recoñece a obra que mellor encarna unha artesanía competitiva nun mercado tan esixente como o actual”, describiu Sol Vázquez na súa presentación. “É dicir, unha conxunción de deseño, innovación, tradición e valores propios da artesanía galega; que incorpora novas tendencias e calidade, tanto nos materiais como no desenvolvemento do produto”.

Su hermano Ángel, ya fallecido, ganó el Premio Nacional de Orfebrería en 1947. Y Julio recibió el primer premio provincial de destreza en el oficio en 1982, promovido por el Ministerio de Cultura.

En el momento álgido del taller familiar, “llegamos a trabajar seis de mis diez hermanos, dos operarios y una dependienta. Hacíamos crucifijos, pilas bautismales, cálices, sagrarios, patenas...”. Pero también encargos más profanos para Japón, EE UU... “Fabiola de Bélgica nos pidió una lámpara en forma de corazón cuando murió Balduino, decía que había tenido un corazón enorme y así se lo recordaría”, relató. “Una de las virtudes de un artesano de la plata es la paciencia: yo empecé como aprendiz, sin prisas. La orfebrería necesita una vida de aprendizaje o, quizá, varias... Si no se lleva en la sangre, puede desgastar mucho”, concluyó ante la atenta mirada del conselleiro, Francisco Conde.

Y, ya por fin, fue el turno del galardón estrella: el Premio Artesanía de Galicia 2016, dotado con 6.000 euros. “Reconoce la obra que mejor encarna una artesanía competitiva en un mercado tan exigente como el actual”, describió Sol Vázquez en su presentación. “Es decir, una conjunción de diseño, innovación, tradición y valores propios de la artesanía gallega; que incorpora nuevas tendencias y calidad, tanto en los materiales como en el desarrollo del producto”.



**PREMIO
ARTESANÍA
DE GALICIA**
FINALISTA | FINALIST

Frío-caliente
Víctor Ares



Nesta edición, o xurado seleccionou tres traballos. A terceira finalista foi **Rosa Méndez** (Teo, A Coruña) e as súas singulares xoias de enorme pureza formal en vidro, soporte co que gandou o fio argumental da súa obra — marcada en calquera caso polos seus escauceos coa escultura e a pintura—, tal e como reflectiron as imaxes proxectadas sobre o fondo do escenario. O segundo finalista foi **Víctor Ares** (A Coruña), prolífico produtor de cerámica utilitaria en gres e porcelana, afín á olaría tradicional de Galicia; de xoias de fantasía de inspiración natural; ou doutra das súas especialidades: a escultura mural.

E, por fin, o premio dos premios, que recaeu en **Noroeste Obradoiro**, obradoiro santiagués especializado en xoiería, pola peza co lema *Voluta, Volutidae*. Un proxecto conxunto en prata Argentium no que Jose Castro (Compostela, 1979) deseñou e materializou os seus contedores e Antonio Ibáñez (Vitoria, 1949), o seu socio e mestre, fixo o propio coas culleriñas. *Voluta, Volutidae* xunta tradición e deseño contemporáneo na proporción xusta. Os xa premiados subiron ao estrado a recibir o ansiado trofeo de mans do conselleiro visiblemente emocionados. A concesión é o broche de ouro á longa traxectoria de Ibáñez, que anunciou a súa xubilación ante o estupor dos asistentes.

En esta edición, el jurado seleccionó tres trabajos. La tercera finalista fue **Rosa Méndez** (Teo, A Coruña) y sus singulares joyas de enorme pureza formal en vidro, soporte con el que ha hilvanado el hilo argumental de su obra — marcada en cualquier caso por sus escauceos con la escultura y la pintura—, tal y como reflejaron las imágenes proyectadas sobre el fondo del escenario. El segundo finalista fue **Víctor Ares** (A Coruña), prolífico produtor de cerámica utilitaria en gres y porcelana, afín a la alfarería tradicional de Galicia; de joyas de fantasía de inspiración natural; o de otra de sus especialidades: la escultura mural.

Y, por fin, el premio de los premios, que recayó en **Noroeste Obradoiro**, taller santiagués especializado en joyería, por la pieza con el lema *Voluta, Volutidae*. Un proyecto conjunto en plata Argentium en el que Jose Castro (Compostela, 1979) diseñó y materializó sus contenedores y Antonio Ibáñez (Vitoria, 1949), su socio y maestro, hizo lo propio con las cucharillas. *Voluta, Volutidae* aún tradición y diseño contemporáneo en la proporción justa. Los ya premiados subieron al estrado a recibir el ansiado trofeo de manos del Conselleiro visiblemente emocionados. La concesión es el broche de oro a la larga trayectoria de Ibáñez, que anunció su jubilación ante el estupor de los asistentes.

**PREMIO
ARTESANÍA
DE GALICIA**
FINALISTA | FINALIST

Tallasia
Rosa Méndez



After that, it was finally the moment of the most important award: the Artesanía de Galicia Award 2016, which is worth €6,000. “It recognises the work that best represents a competitive craft in a market as demanding as the current one,” Sol Vázquez described in her presentation. “That is to say, a combination of design, innovation, tradition and the values of Galician craft, which incorporate new trends and quality both into the materials and the development of the product.”

This year the judging panel selected three works. The third finalist was **Rosa Méndez** (Teo, A Coruña) with her unique glass jewels of great formal purity, a material which she used as a connecting thread in her work — marked, in any case, by her occasional dealings with sculpture and painting — as it could be seen in the images which were projected on the stage background. The second finalist was **Víctor Ares** (A Coruña), a prolific producer of stoneware and porcelain utilitarian ceramics which are similar to Galician traditional pottery, nature-inspired costume jewellery or mural sculpture, another of his specialties.

The major prize went to **Noroeste Obradoiro**, a workshop in Santiago de Compostela specialising in jewellery, for their set of Argentium silver pieces *Voluta, Volutidae*. This was a joint project in which Jose Castro (Compostela, 1979) designed and made the containers and Antonio Ibáñez (Vitoria, 1949), her partner and teacher, did the same with the spoons. *Voluta, Volutidae* combines tradition and contemporary design in the right proportions. The winners, visibly moved, came up on to the stage to receive the longed-for prize from the conselleiro. This award is the culmination of Ibáñez’ long career, who announced his retirement before a surprised audience.

“With this awards ceremony we celebrate a craft that is alive and dynamic and that is part of what we are and what we will be as Galician people,” Conde claimed in his closing speech. “Galician handicraft employs more than 5,000 people in Galicia, it manages to captivate new entrepreneurs and it is an important tool to boost the economy and tourism, especially in the rural areas.”

**PREMIO
ARTESANÍA
DE GALICIA**

*Voluta,
Volutidae
Noroeste
Obradoiro*





“Con esta cerimonia de entrega celebramos unha artesanía viva e dinámica, que forma parte do que somos e do que seremos como galegos”, aseverou Conde xa na clausura do acto. “A artesanía de Galicia emprega hoxe a máis de 5.000 persoas en Galicia, logra captar novos emprendedores e supón un importante instrumento de dinamización económica e turística, especialmente no mundo rural”.

No seu discurso referiuse a outras accións como a presenza de artesáns galegos, ao amparo da marca, “en máis de 40 feiras nacionais e internacionais de prestixio; o impulso do comercio electrónico ou a mellora da xestión e a comercialización; o fomento da formación especializada; ou o proxecto *Enredadas*, desenvolvido en colaboración coa Consellería do Mar, co que a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño é finalista un ano máis nos Premios Nacionais de Artesanía 2016, na categoría *Promociona para Entidades Públicas*.”

Ademais, Conde deixou constancia da colaboración coas escolas de arte para a captación de talento ou a celebración do *Corazón da Artesanía. Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia*, que o ano pasado reuniu a máis de 8.000 persoas en Agolada (Pontevedra), consolidándoa como unha cita de referencia. Xa concluído o acto, posou cos galardoados nunha espontánea foto de familia. Un refrixerio, uns suculentos canapés e unha animada charla cos asistentes foron o colofón perfecto do día grande da Artesanía de Galicia.

“Con esta cerimonia de entrega celebramos una artesanía viva y dinámica, que forma parte de lo que somos y de lo que seremos como gallegos”, aseveró Conde ya en la clausura del acto. “La artesanía de Galicia emplea hoy a más de 5.000 personas en Galicia, logra captar nuevos emprendedores y supone un importante instrumento de dinamización económica y turística, especialmente en el mundo rural”.

En su discurso se refirió a otras acciones como la presencia de artesanos gallegos, al amparo de la marca, “en más de 40 ferias nacionales e internacionais de prestixio; el impulso del comercio electrónico o la mejora de la gestión y la comercialización; el fomento de la formación especializada; o el proyecto *Enredadas*, desarrollado en colaboración con la Consellería do Mar, con el que la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño es finalista un año más en los Premios Nacionales de Artesanía 2016, en la categoría *Promociona para Entidades Públicas*.”

Además, Conde dejó constancia de la colaboración con las escuelas de arte para la captación de talento o la celebración del *Corazón da Artesanía. Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia*, que el año pasado reunió a más de 8.000 personas en Agolada (Pontevedra), consolidándola como una cita de referencia. Ya concluido el acto, posó con los galardonados en una espontánea foto de familia. Un refrixerio, unos suculentos tentempiés y una animada charla con los asistentes fueron el colofón perfecto del día grande de la Artesanía de Galicia.

Premios Artesanía de Galicia



“Con esta cerimonia de entrega celebramos unha artesanía viva e dinámica, que forma parte do que somos e do que seremos como galegos”

Premios Artesanía de Galicia



“Con esta cerimonia de entrega celebramos una artesanía viva y dinámica, que forma parte de lo que somos y de lo que seremos como gallegos”

Premios Artesanía de Galicia



“With this awards ceremony we celebrate a craft that is alive and dynamic and that is part of what we are and what we will be as Galician people”

In his speech, he referred to other actions such as the presence of Galician artisans under the brand Artesanía de Galicia “in more than 40 prestigious national and international fairs; the boost of e-commerce or the progress in management and commercialisation; the promotion of specialised training; or the *Enredadas* project, developed in collaboration with the Consellería do Mar, thanks to which the Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño has been a finalist again in the National Craft Awards 2016 in the category *Promociona Award for Public Entities*.

Moreover, Conde mentioned the collaboration of his ministry with schools of art to attract new talent, or the celebration of *Corazón da Artesanía. Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia*, which had more than 8,000 visitors last year in Agolada (Pontevedra) and has become a reference event. After the ceremony, he posed with the award-winners for a spontaneous family photograph. Some refreshments, some tasty snacks and a lively chat with those who attended the ceremony were the perfect end for the big day of Galician craft.





MINIMALISMO E HARMONÍA NA XOIARÍA CONTEMPORÁNEA. ENTREVISTA CON NOROESTE OBRADOIRO

**MINIMALISMO Y ARMONÍA EN LA JOYERÍA CONTEMPORÁNEA.
ENTREVISTA CON NOROESTE OBRADOIRO | MINIMALISM AND HARMONY IN
CONTEMPORARY JEWELLERY. INTERVIEW WITH NOROESTE OBRADOIRO**

Situado na parte antiga de Santiago de Compostela, Noroeste Obradoiro transcende o concepto de obradoiro artesanal ao uso. A súa aposta por situar o espazo de traballo e a galería nun mesmo local abre novas fórmulas de comunicación co público, facéndonos partícipes do proceso creativo e humanizando o oficio para potenciar o diálogo entre consumidor e creador. Galardoados co Premio Artesanía de Galicia 2016 polo proxecto *Voluta, Volutidae*, ao longo da súa traxectoria amosaron que se pode innovar no universo da xoiería sen abandonar a súa esencia.


Se tiende a pensar que los avances tecnológicos y la producción en serie perjudican al sector artesanal. Si lo vemos desde otra perspectiva, ¿qué ventajas destacaríais de la evolución informática y tecnológica?

La producción en serie y la artesanal están en planos distintos, cada una cubre necesidades diferentes. Nuestro proyecto no sería nada sin la evolución tecnológica, nos sirve para conectar con el público de forma más directa y nos permite vender en lugares donde sería muy difícil por otros medios.



Your designs avoid classic symmetry and find harmony in what's organic. Is this a way of differentiating handiwork from mass production?

Yes, of course. While mass-produced pieces have a specific purpose, the aim of handcrafted objects isn't only to be useful but to convey deeper emotions too. Imperfections, variety, organic volumes, trying to make unique pieces, putting our stamp... all these factors bring us closer to a more human work. Although their purpose is to be functional, their background is completely artistic.

What needs must contemporary ceramics meet?

Contemporary ceramics must keep on preserving our culture while reflecting the view of the current world. Societies change and our liking for ceramic pieces evolves too. Contemporary art must continue to explore other ways and ceramics needs to do the same without forgetting its roots.

You've collaborated with the restaurant O Curro da Parra in Santiago de Compostela, for which you've designed a dinnerware set. How was this experience and what would you highlight from this collaboration?

It was a good experience and quite a challenge for us. It was a different field in which we had never worked and, for this reason, we were even more motivated. We wanted to create a dinnerware that would blend perfectly with the atmosphere of the restaurant and its image, without forgetting functionality and the fast pace in kitchens, where dinnerware needs to be hard-wearing. The result was very satisfactory; we find this kind of work appealing, and this collaboration has been a good opportunity.

We tend to think that technological advances and mass production damage the craft sector. Seen from another perspective, what are in your opinion the main advantages of IT and technological evolution?

Mass production and handicraft are very different; each of them meets different needs. Our project wouldn't be possible without technological evolution; we can connect with the public more directly and sell our pieces in places where otherwise it would be very difficult.



A ARXILA COMO EXPRESIÓN DE SENSACIONES. ENTREVISTA CON VERÓNICA MOAR

Dedicada ao mundo da cerámica desde fai máis de seis anos, para Verónica Moar a artesanía é un oficio que precisa implicación e aprendizaxe continuas e no que considera que sempre hai algo novo co que sorprenderse. Desde o seu taller da Coruña realiza deseños cálidos e

orgánicos, buscando liberar as súas pezas de calquera elemento superfluo para conectar coa terra e coa tradición. A dedicación, o agarimo, a autenticidade, o respecto cara á contorna e a calidade do produto son para ela os puntos fortes da artesanía.



“A cerámica apaixóname tanto ou máis que o primeiro día; é tan impredecible e as súas posibilidades son tan amplas que nunca deixo de aprender”



LA ARCILLA COMO EXPRESIÓN DE SENSACIONES. ENTREVISTA CON VERÓNICA MOAR

Dedicada al mundo de la cerámica desde hace más de seis años, para Verónica Moar la artesanía es un oficio que requiere implicación y aprendizaje continuos y en el que considera que siempre hay algo nuevo con lo que sorprenderse. Desde su taller de A Coruña realiza diseños cálidos y orgánicos, buscando liberar sus piezas de cualquier elemento superfluo para conectar con la tierra y con la tradición. La dedicación, el cariño, la autenticidad, el respeto hacia el entorno y la calidad del producto son para ella los puntos fuertes de la artesanía.

CLAY AS AN EXPRESSION OF SENSATIONS. INTERVIEW WITH VERÓNICA MOAR

For Verónica Moar, who has been in the world of pottery for more than six years, handicraft is a trade that requires continuous commitment and learning and in which she thinks there is always something new that is surprising. In her workshop in A Coruña, she makes warm and organic designs with the aim of freeing her pieces from any superfluous elements so they tie in with the land and tradition. In her opinion, the commitment and attachment of artisans, the uniqueness and quality of the products and its respect for the environment are the strengths of handicraft.

“La cerámica me apasiona tanto o más que el primer día; es tan impredecible y sus posibilidades son tan amplias que nunca dejo de aprender”



Que che levou ata o mundo da cerámica?

A miña traxectoria laboral anterior pouco tiña que ver coa artesanía ou a cerámica. Con todo, nun momento determinado decidín dar un xiro profesional apostando por outro camiño máis incerto pero máis satisfactorio. En todo este tempo, a evolución foi lenta pero progresiva e moitas veces deixei guiar pola intuición. Do mesmo xeito, tamén creceron as miñas motivacións e as ganas de seguir profundando cada vez máis neste mundo. Por riba de todo, reconozco que a cerámica me apaixona tanto ou máis que o primeiro día; é tan impredecible e as súas posibilidades son tan amplias que nunca deixo de aprender.

Actualmente, as novas prácticas artesás amosan que estética e funcionalidade poden camiñar da man. Doutra banda, o concepto, antes relegado á actividade artística, vai adquirindo cada vez maior peso en artesanía. Hai unha historia detrás dos teus deseños?

Aínda que a parte máis visible do meu traballo é a realización de pezas funcionais, tamén trato de explorar outros aspectos máis artísticos e íntimos. Para min, a estética é moi importante; é un concepto que está moi relacionado coa sensibilidade e o modo no que percibimos as cousas. Por iso, considero que o deseño de obxectos destinados a ser usados no día a día debería ir unido ás emocións e as sensacións que estes pretenden provocar.

¿Qué te levou hasta el mundo de la cerámica?

Mi trayectoria laboral anterior poco tenía que ver con la artesanía o la cerámica. Sin embargo, en un momento determinado decidí dar un giro profesional apostando por otro camino más incierto pero más satisfactorio. En todo este tiempo, la evolución ha sido lenta pero progresiva y muchas veces me he dejado guiar por la intuición. Del mismo modo, también han crecido mis motivaciones y las ganas para seguir profundizando cada vez más en este mundo. Por encima de todo, reconozco que la cerámica me apasiona tanto o más que el primer día; es tan impredecible y sus posibilidades son tan amplias que nunca dejo de aprender.

Actualmente, las nuevas prácticas artesanas han demostrado que estética y funcionalidad pueden caminar de la mano. Por otro lado, el concepto, antes relegado a la actividad artística, va adquiriendo cada vez mayor peso en artesanía. ¿Hay una historia detrás de tus diseños?

Aunque la parte más visible de mi trabajo es la realización de piezas funcionales, también trato de explorar otros aspectos más artísticos e íntimos. Para mí, la estética es muy importante; es un concepto que está muy relacionado con la sensibilidad y el modo en el que percibimos las cosas. Por eso, considero que el diseño de objetos destinados a ser usados en el día a día debería ir unido a las emociones y las sensaciones que éstos pretenden provocar.

What led you to the world of pottery?

My previous profession had little to do with handicraft or pottery. However, at one point, I decided to make a career change and choose a more uncertain but more satisfactory path. During this time, the evolution has been slow but progressive, and I have often followed my intuition. In the same way, my motivation and my urge to keep on exploring this world more and more deeply have grown. Above all, I admit that I am as passionate about pottery as on the first day (or even more); it's so unpredictable and it offers so many possibilities that I always learn something.

Nowadays, the new practices of artisans have proven that aesthetics and functionality can go hand in hand. On the other hand, the concept, which in the past was a thing of art, is gradually becoming more important in handicraft. Is there a story behind your designs?

Although the most visible part of my work is the production of functional pieces, I also try to explore other aspects that are more artistic and personal. For me, aesthetics is very important; it's a concept that is closely linked to sensitivity and our way of perceiving things. For this reason, I think that the design of everyday objects should be linked to the emotions and sensations that they try to arouse.

In your blog you claim that "there's a person for every piece." Tell us a little about this idea.

That's something that my pottery teacher used to say but, until relatively recently, I didn't agree a hundred percent. As a general rule, I'm usually quite perfectionist and critical of my work. Sometimes some pieces don't pass my "quality control" because of some insignificant details that others wouldn't notice. Eventually, I have realised that, although it's good to push yourself and try to give the best of yourself, sensations are more important in pottery. It's something to be touched, sensed, observed; it's subjective. Even though I make a piece with my hands, the circle is only closed when I let go of it and it passes into other hands that will give it a new life. That's when my work makes sense. Now I really appreciate the fact that people who buy one of my pieces share with me what made them choose that one specifically, what it made them feel, how they're going to use it, etc.

You have collaborated with the group Abastos 2.0 on a culinary project by making pieces to order. What did this collaboration mean for you?

This collaboration meant a step forward in the kind of works that I had until then and in my career path. The idea came up in an informal conversation with Iago Pazos (who, along with Marcos Cerqueiro, is responsible for the successful gastronomic project Abastos 2.0). After that, I met them on several occasions to show my prototypes to them and define the details. Some months later, all this

"I am as passionate about pottery as on the first day (or even more); it's so unpredictable and it offers so many possibilities that I always learn something"



“Aínda que unha peza salga das miñas mans o que completa o círculo, o que fai que o meu traballo teña sentido, é que eu me desprenda dela e esta pase a outras mans para que lle dean unha nova vida”

No teu blogue defendes que “hai unha persoa para cada peza”. Fálanos un pouco desta idea.

Esa frase adoitábaa pronunciar a miúdo o meu profesor de cerámica pero, ata fai relativamente pouco, eu non a compartía ao cento por cento. Por norma xeral son bastante crítica e perfeccionista co meu traballo. En ocasións hai pezas que non pasaron o meu *control de calidade* por detalles insignificantes que, para os demais, pasarían desapercibidos. Co tempo deime conta de que, aínda que é bo autoesixirse e tratar de dar o mellor dun mesmo, en cerámica inflúen moito as sensacións. É algo que hai que tocar, sentir, observar; é subxectivo. Aínda que unha peza salga das miñas mans o que completa o círculo, o que fai que o meu traballo teña sentido, é que eu me desprenda dela e esta pase a outras mans para que lle dean unha nova vida. Agora valoro moito o feito de que as persoas que adquiren unha peza compartan comigo o

que lles motivou a escoller algo en concreto, que lles fixo sentir, que uso lle van a dar, etc.

Colaboraches nun proxecto culinario co grupo Abastos 2.0 realizando pezas por encargo. Que supuxo para ti esta colaboración?

Esta colaboración supuxo un paso adiante no tipo de traballos que estaba a realizar ata entón e na miña proxección profesional. Todo xurdiu de maneira informal durante unha conversa con Iago Pazos (quen, xunto a Marcos Cerqueiro, está detrás do exitoso proxecto de restauración Abastos 2.0). A esta primeira charla seguíronlle varios encontros nos que lles presentei os meus prototipos e perfilamos detalles. Meses despois, todo este proceso consolidouse nas pezas que se poden ver e gozar nos seus restaurantes de Madrid, Carril e Santiago de Compostela. O aspecto máis interesante foi coñecer as necesidades que han de cumprir as vaixelas que usan. Aínda que o deseño é importante, este non pode estar por riba da creación que presenta o cociñeiro; a presentación final debe gardar un equilibrio. O material ten que ser resistente para aguantar o ritmo e a vida que vai levar no día a día do restaurante e, por suposto, tamén teñen que ser pezas funcionais. Grazas a esta colaboración o meu traballo fíxose máis visible non só en Galicia senón tamén en España e no estranxeiro. Isto deu lugar a novos retos e proxectos nos que estou a traballar. Desde logo, a responsabilidade cara o que fago é maior pero faime sentir tamén moi orgullosa.





“Aunque una pieza salga de mis manos lo que completa el círculo, lo que hace que mi trabajo tenga sentido, es que yo me desprenda de ella y ésta pase a otras manos para que le den una nueva vida”

En tu blog defiendes que “hay una persona para cada pieza”. Háblanos un poco de esta idea.

Esa frase la solía pronunciar a menudo mi profesor de cerámica pero, hasta hace relativamente poco, yo no la compartía al cien por cien. Por norma general suelo ser bastante crítica y perfeccionista con mi trabajo. En ocasiones hay piezas que no han pasado mi *control de calidad* por detalles insignificantes que, para los demás, pasarían desapercibidos. Con el tiempo me he dado cuenta de que, aunque es bueno autoexigirse y tratar de dar lo mejor de uno mismo, en cerámica influyen mucho las sensaciones. Es algo que hay que tocar, sentir, observar; es subjetivo. Aunque una pieza salga de mis manos lo que completa el círculo, lo que hace que mi trabajo tenga sentido, es que yo me desprenda de ella y ésta pase a otras manos para que le den una nueva vida. Ahora valoro mucho el hecho de que las personas que adquieren una pieza compartan conmigo qué les ha motivado a escoger algo en concreto, qué les ha hecho sentir, qué uso le van a dar, etc.

Has colaborado en un proyecto culinario con el grupo Abastos 2.0 realizando piezas por encargo. ¿Qué supuso para ti esta colaboración?

Esta colaboración supuso un paso adelante en el tipo de trabajos que estaba realizando hasta entonces y en mi proyección profesional. Todo surgió de manera informal durante una conversación con Iago Pazos (quien, junto a Marcos Cerqueiro, está detrás del exitoso proyecto de restauración Abastos 2.0). A esta primera charla le siguieron varios encuentros en los que les presenté mis prototipos y perfilamos detalles. Meses después, todo este proceso se consolidó en las piezas que se pueden ver y disfrutar en sus restaurantes de Madrid, Carril y Santiago de Compostela. El aspecto más interesante fue conocer las necesidades que han de cumplir las vajillas que usan. Aunque el diseño es importante, éste no puede estar por encima de la creación que presenta el cocinero; la presentación final debe guardar un equilibrio. El material ha de ser resistente para aguantar el ritmo y la vida que va a llevar en el día a día del restaurante y, por supuesto, también tienen que ser piezas funcionales. Gracias a esta colaboración mi trabajo se ha hecho más visible no sólo en Galicia sino también en España y en el extranjero. Esto ha dado lugar a nuevos retos y proyectos en los que estoy trabajando. Desde luego, la responsabilidad hacia lo que hago es mayor pero me hace sentir también muy orgullosa.

“Even though I make a piece with my hands, the circle is only closed when I let go of it and it passes into other hands that will give it a new life”

process was consolidated with the pieces that can be seen and enjoyed in their restaurants in Madrid, Carril and Santiago de Compostela. The most interesting part was learning about the requirements of the crockery they use. Although design is important, it can't outshine the creation presented by the chef; the final presentation must be balanced. The material has to be hardwearing so it withstands the rhythm of the restaurant every day; and the pieces have to be functional, of course. Thanks to this collaboration, my work is now more known not only in Galicia but also in Spain and abroad. As a result, new challenges and projects in which I'm working now have come up. Obviously, my responsibility towards what I do is greater now, but it also makes me feel really proud.

Last year you went to Japan for a period of training. In your opinion, what are the main differences between the two ways of working?

In December 2015 I was granted the Eloy Gesto Scholarship Award 2014 by the Consellería de Economía, Emprego e Industria for a project in which I explained the reasons why I wanted to study the traditional techniques and designs in depth in order to transfer them to contemporary uses. I chose Japan because the origins of pottery are in East Asia and because of that philosophy and attitude of respect for handicraft that I really identify with. Although my stay was very short, I had the chance to spend a month of training in a pottery workshop and see the everyday production first-hand. I don't think that the main difference lies in the way of working (I was surprised by the great amount of things that we have inherited or link us) but rather in the prestige of the handicraft trades and how highly they are valued, not only by the artisans themselves but also by the rest of society, from public entities to customers, who believe that handicraft is an art that must be preserved.

Now that you have let your experience settle, what new ideas have you brought back in your suitcase? Have you started to materialise any project?

This experience has been the germ of several ideas I have in mind and that I'd like to give shape to throughout this year or, at least, in a near future. I made a series of pieces and tests there that focused on some designs, shapes, techniques and materials from the region. Now I'd like to reinterpret what I learned and adapt it to Galicia and the resources I have here by finding our differences and similarities.



○

Verónica Moar
Glorieta de América, 2, 4° esq.
15004 A Coruña
hello.veromoar@gmail.com
www.veronicamoar.blogspot.com
Carta de artesá / carta de artesana / craftswoman card n° 4589
Obradoiro artesán / taller artesano / craft workshop n° 962





O ano pasado gozaches dunha estancia de formación en Xapón. Que diferenzas destacarías entre os modos de facer dun e doutro lado?

En decembro de 2015 recibín o Premio Bolsa Eloy Gesto 2014 concedido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por un proxecto no que argumentaba os motivos que me levan a querer profundar no estudo das técnicas e deseños tradicionais para trasladalos a un uso contemporáneo. Escollín Xapón como destino porque as orixes da cerámica están en Oriente e por esa filosofía e actitude de respecto á artesanía coa que me sinto moi identificada. Aínda que a miña estancia foi breve, tiven a oportunidade de pasar un mes de formación nun taller de olaría e ver de primeira man o día a día da produción. Non creo que a principal diferenza estea nos modos de facer (chamou a miña atención a cantidade de cousas que herdamos ou que nos unen)

El año pasado disfrutaste de una estancia de formación en Japón. ¿Qué diferencias destacarías entre los modos de hacer de uno y otro lado?

En diciembre de 2015 recibí el Premio Beca Eloy Gesto 2014 concedido por la Consellería de Economía, Emprego e Industria por un proxecto en el que argumentaba los motivos que me levan a querer profundizar en el estudio de las técnicas y diseños tradicionales para trasladarlos a un uso contemporáneo. Escogí Japón como destino porque los orígenes de la cerámica están en Oriente y por esa filosofía y actitud de respeto a la artesanía con la que me siento muy identificada. Aunque mi estancia fue breve, tuve la oportunidad de pasar un mes de formación en un taller de alfarería y ver de primera mano el día a día de la producción. No creo que la principal diferencia esté en los modos de hacer (llamó mi atención la cantidad de cosas que hemos heredado o que nos unen) sino más bien

“En Xapón desde as institucións ata os clientes consideran que a artesanía é unha arte que é preciso conservar”

“En Japón desde las instituciones hasta los clientes consideran que la artesanía es un arte que es preciso conservar”



senón máis ben no valor e prestixio que teñen os oficios artesanais. Non só por parte dos propios artesáns senón polo resto da sociedade, desde as institucións ata os clientes, que consideran que a artesanía é unha arte que é preciso conservar.

Agora que xa puidiches repousar a experiencia, que novas ideas trouxeches na maleta? Comezaches a materializar algún proxecto?

Esta experiencia foi a semente de varias ideas que teño en mente e ás que me gustaría ir dando forma ao longo deste ano ou, polo menos, nun futuro non moi afastado. Alí realicei unha serie de pezas e probas centrándome nuns deseños, formas, técnicas e materiais propios da zona. Agora gustaríame poder reinterpretar o aprendido adaptándoo a Galicia e aos recursos dos que dispoño aquí, buscando o que nos une e o que nos diferencia.

en el valor y prestigio que tienen los oficios artesanales. No sólo por parte de los propios artesanos sino por el resto de la sociedad, desde las instituciones hasta los clientes, que consideran que la artesanía es un arte que es preciso conservar.

Ahora que ya has podido reposar la experiencia, ¿qué nuevas ideas has traído en la maleta? ¿Has comenzado a materializar algún proyecto?

Esta experiencia ha sido la semilla de varias ideas que tengo en mente y a las que me gustaría ir dando forma a lo largo de este año o, al menos, en un futuro no muy lejano. Allí realicé una serie de piezas y pruebas centrándome en unos diseños, formas, técnicas y materiales propios de la zona. Ahora me gustaría poder reinterpretar lo aprendido adaptándolo a Galicia y a los recursos de los que dispongo aquí, buscando lo que nos une y lo que nos diferencia.



PINO ENCUADERNACIONES. EMBELECENDO HISTORIAS

PINO ENCUADERNACIONES. EMBELLECIENDO HISTORIAS
PINO ENCUADERNACIONES. EMBELLISHING STORIES

A cuberta dun libro di moito do que hai no seu interior, permite abrir unha xanela desde a que asomarse, como un *voyeur* curioso, a todos os posibles mundos ou experiencias que acolla cada exemplar. Por iso é tan importante acertar co seu deseño. A elección da cor e o material, a rotulación e o acabado final determinarán o grao de complicidade entre contido e aparencia externa. Pero, ademais de ataviar o libro co estilo correcto, o oficio de encadernador require en moitas ocasións responsabilizarse da súa restauración e, en todos os casos, da súa conservación futura: “asegurar o seu uso e manipulación respectando ao máximo a súa integridade histórica, estética e física”. Vivir entre páxinas, letras, imaxes e historias é o que levan facendo durante décadas en Pino Encuadernaciones, unha empresa viguesa que se encargou de reivindicar o valor artístico do oficio conxugando as técnicas máis tradicionais con novas tendencias e conceptos.

La cubierta de un libro dice mucho de lo que hay en su interior, permite abrir una ventana desde la que asomarse, como un *voyeur* curioso, a todos los posibles mundos o experiencias que acoja cada ejemplar. Por eso es tan importante acertar con su diseño. La elección del color y el material, la rotulación y el acabado final determinarán el grado de complicidad entre contenido y apariencia externa. Pero, además de ataviar el libro con el estilo correcto, el oficio de encuadernador conlleva en muchas ocasiones responsabilizarse de su restauración y, en todos los casos, de su conservación futura: “asegurar su uso y manipulación respetando al máximo su integridad histórica, estética y física”. Vivir entre páginas, letras, imágenes e historias es lo que levan haciendo durante décadas en Pino Encuadernaciones, una empresa viguesa que se ha encargado de reivindicar el valor artístico del oficio conxugando las técnicas más tradicionales con nuevas tendencias y conceptos.

Book covers say a lot about what is inside; they are in a way an open window of which one can look out, like a curious voyeur, to see all the possible worlds or experiences of each copy. This is why it is so important to get the design right. The colour and material choices, the titling and the final finish will determine to what extent content and external appearance will match. In addition to “attiring” books in the right style, bookbinders often have to restore them too, and they are always responsible for their future preservation: “Their use and handling must be guaranteed by respecting their historical, aesthetic and physical integrity to the maximum.” Living among pages, letters, images and stories is what those in Pino Encuadernaciones have been doing for decades; a workshop from Vigo that has always defended the artistic value of this trade by combining the most traditional techniques with new trends and concepts.

The manager of this business is Pablo Otero Pino, who started to feel attracted to the complex universe of bookbinding when he was a university student. The foundations for what would become his future trade were laid out of necessity — he needed to compile and organise exam materials when the current IT resources did not exist: “We had to study photocopies of books in English, which were difficult to get, and I began to bind them for me and my friends.” However, what started as a way of filling a need soon aroused the interest of others, who began to notice the quality of those first works and encouraged him to see that this activity could be a market niche: “It just so happened that a librarian was interested in those bindings. From then on I started to rebind the books of the Schools of Engineering, and later books of other faculties.” After collaborating with the reprographic services of the University of Vigo, where his main job was to bind PhD theses and other academic papers, Pablo Otero considered that he had gained enough dexterity to set up his own business. In 1998 he established Pino Encuadernaciones, a new stage in which he would make room for more innovative and creative projects. He now offers a wide range of services, from classic and simple bookbinding to careful artistic designs of different styles. Over the years, he has dressed the covers of different books with cloths, parchments, leather or painted paper, which were adapted not only to the customer’s taste but also to the needs of the inside of the product itself.

When it is the case of artistic bookbinding, one of the main goals is “to achieve a dialogue between the inside and the outside of the book, which is completely subjective and has a lot to do with its reading and the feelings it conveys.” In Pino Encuadernaciones, they are aware of the importance of adapting the design to the content, so they devote all their efforts to ensuring that each copy reveals at first sight what one will discover later through its pages.

“En encuadernación artística o proceso creativo comeza coa lectura do libro”

“En encuadernación artística el proceso creativo comienza con la lectura del libro”

“In artistic bookbinding, the creative process begins by reading the book”





Á fronte do negocio atópase Pablo Otero Pino quen, desde os seus anos como estudante universitario, comezou a sentirse atraído polo complexo universo da encadernación. Os cimentos daquilo que se convertería no seu futuro oficio orixínanse para dar resposta a unha necesidade; a de recompilar e organizar material de exames nunha etapa na que aínda non existían as facilidades informáticas das que dispomos actualmente: “tiñamos que estudar por fotocopias de libros en inglés, que non se conseguían facilmente, e comecei a encadernalos para min e para os meus amigos”. Con todo, o que se inicia co único obxectivo de suplir unha carencia pronto esperta o interese doutras persoas, que comezan a intuír a calidade daqueles primeiros traballos e impúlsanlle a ver nesta actividade un posible nicho de mercado: “Deuse a casualidade de que estas encadernacións lle interesaron a unha bibliotecaria. A partir de entón, comecei a reencadernar os libros das Escolas de Enxeñaría e posteriormente os doutras Facultades”. Tras colaborar co servizo de reprografía da Universidade de Vigo, onde se dedicaba principalmente á encadernación de teses doutorais e outros traballos académicos, Pablo Otero considera

que adquiriu a suficiente destreza como para instalarse pola súa conta. É en 1998 cando nace Pino Encuadernaciones, unha nova etapa que lle permitirá abrir espazo a proxectos máis innovadores e creativos. Os seus servizos actuais comprenden unha ampla gama de posibilidades que van desde encadernacións clásicas e sinxelas ata coidados deseños artísticos que abrazan diferentes estilos. Teas, pergamiños, peles ou papeis pintados foron vestindo as cubertas de diferentes libros adaptándose non só aos gustos de cada cliente, senón tamén ás necesidades que desvela o propio interior do produto.

Cando se trata de encadernacións artísticas, unha das maiores metas é “conseguir o diálogo entre o interior e o exterior do libro, algo totalmente subxectivo que ten moito que ver coa súa lectura e as sensacións que esta nos transmite”. Conscientes da importancia de adecuar o deseño ao contido, pon todo o seu empeño para que cada exemplar sexa capaz de revelar nun primeiro golpe de vista aquilo que despois irase descubrindo a través das páxinas. Por iso, “en encadernación artística o proceso creativo comeza coa lectura do libro”.




Al frente del negocio se encuentra Pablo Otero Pino quien, desde sus años como estudiante universitario, comenzó a sentirse atraído por el complejo universo de la encuadernación. Los cimientos de aquello que se convertiría en su futuro oficio se originan para dar respuesta a una necesidad; la de recopilar y organizar material de exámenes en una etapa en la que todavía no existían las facilidades informáticas de las que disponemos actualmente: “teníamos que estudiar por fotocopias de libros en inglés, que no se conseguían fácilmente, y comencé a encuadernarlos para mí y para mis amigos”. Sin embargo, lo que se inicia con el único objetivo de suplir una carencia pronto despierta el interés de otras personas, que comienzan a intuir la calidad de aquellos primeros trabajos y le impulsan a ver en esta actividad un posible nicho de mercado: “Se dio la casualidad de que estas encuadernaciones le interesaron a una bibliotecaria. A partir de entonces, comencé a reencuadernar los libros de las Escuelas de Ingeniería y posteriormente los de otras Facultades”. Tras colaborar con el servicio de reprografía de la Universidad de Vigo, donde se dedicaba principalmente a la encuadernación de tesis doctorales y otros trabajos académicos, Pablo Otero considera que ha adquirido



la suficiente destreza como para instalarse por su cuenta. Es en 1998 cuando nace Pino Encuadernaciones, una nueva etapa que le permitirá abrir espacio a proyectos más innovadores y creativos. Sus servicios actuales comprenden una amplia gama de posibilidades que van desde encuadernaciones clásicas y sencillas hasta cuidados diseños artísticos que abrazan diferentes estilos. Telas, pergaminos, pieles o papeles pintados han ido vistiendo las cubiertas de diferentes libros adaptándose no solo a los gustos de cada cliente, sino también a las necesidades que desvela el propio interior del producto.

Cuando se trata de encuadernaciones artísticas, una de las mayores metas es “conseguir el diálogo entre el interior y el exterior del libro, algo totalmente subjetivo que tiene mucho que ver con su lectura y las sensaciones que ésta nos transmite”. Conscientes de la importancia de adecuar el diseño al contenido, ponen todo su empeño para que cada ejemplar sea capaz de revelar en un primer golpe de vista aquello que después se irá descubriendo a través de las páginas. Por ello, “en encuadernación artística el proceso creativo comienza con la lectura del libro”.



“Cando o traballo non está pautado podemos experimentar con distintos materiais e técnicas e mesmo interactuar con outros oficios como a ourivaría, o gravado, a serigrafía...”

“Cuando el trabajo no está pautado podemos experimentar con distintos materiales y técnicas e incluso interactuar con otros oficios como la orfebrería, el grabado, la serigrafía...”

Tras recibir o exemplar impreso, iníciase as fases de pregado, embuchado, prensado, cizallado, serrado, cosido, encolado, media cana, cajo e encartonado. Entón entra en xogo a parte estética, que se inicia coa selección do material empregado (habitualmente pel) e as decisións plásticas que se aplicarán sobre a cuberta (incisións, mosaicos, volumes, texturas, etc.). O proceso culmina co rotulado ou gofrado do libro e a creación dunha camisa de protección e un estoxo para a súa presentación e conservación. Son, por tanto, moitas e moi diversas as tarefas que envolven o traballo en encadernación, o que require diferentes aptitudes, o coñecemento de técnicas específicas e, sobre todo, moita práctica. Cando se trata de traballos por encargo, en Pino Encuadernaciones non perden de vista as demandas do cliente, ás que tratan de adaptarse achegando a súa experiencia en beneficio do uso que se requira para cada ocasión, axuntando estética e funcionalidade. Con todo, os seus proxectos favoritos son aqueles que estimulan a imaxinación e lle permiten explorar novas posibilidades técnicas e plásticas: “Cando o traballo non está pautado podemos experimentar con distintos materiais e técnicas e mesmo interactuar con outros oficios como a ourivaría, o gravado, a serigrafía... Esta é a motivación principal para participar en concursos onde tes total liberdade para investigar e facer propostas novas”.

Tras recibir el ejemplar impreso, se inician las fases de plegado, embuchado, prensado, cizallado, serrado, cosido, encolado, media caña, cajo y encartonado. Entonces entra en juego la parte estética, que se inicia con la selección del material empleado (habitualmente piel) y las decisiones plásticas que se aplicarán sobre la cubierta (incisiones, mosaicos, volúmenes, texturas, etc.). El proceso culmina con el rotulado o gofrado del libro y la creación de una camisa de protección y un estuche para su presentación y conservación. Son, por tanto, muchas y muy diversas las tareas que envuelven el trabajo en encuadernación, lo que requiere diferentes aptitudes, el conocimiento de técnicas específicas y, sobre todo, mucha práctica. Cuando se trata de trabajos por encargo, en Pino Encuadernaciones no pierden de vista las demandas del cliente, a las que tratan de adaptarse aportando su experiencia en beneficio del uso que se requiera para cada ocasión, aunando estética y funcionalidad. Sin embargo, sus proyectos favoritos son aquellos que estimulan la imaginación y le permiten explorar nuevas posibilidades técnicas y plásticas: “Cuando el trabajo no está pautado podemos experimentar con distintos materiales y técnicas e incluso interactuar con otros oficios como la orfebrería, el grabado, la serigrafía... Ésta es la motivación principal para participar en concursos donde tienes total libertad para investigar y hacer propuestas novedosas”.





For this reason, “in artistic bookbinding, the creative process begins by reading the book.” After receiving the printed copy, the pages are folded, assembled, pressed, cut, sawed, sewn and glued; then the spine is rounded and backed and finally the boards are attached. Then it is the turn of the aesthetic part, which starts with the selection of the material (usually leather) and the plastic choices that will be applied on the cover (incisions, mosaics, volumes, textures, etc.). The process ends with the titling, which can be embossed or debossed, and the creation of a dust jacket to protect the book and a case for its presentation and preservation. Therefore, since bookbinding involves many different tasks, this trade requires several skills, knowing specific techniques and, especially, a lot of practice. When commissioned a work, in Pino Encuadernaciones they always have in mind the customer’s demands, to which they try to adapt by contributing their experience for the benefit of the use required on every occasion and by combining aesthetics and functionality. Nevertheless, Pablo Otero’s favourite projects are those which spur his imagination and let him explore new technical and plastic possibilities: “When we don’t have instructions, we can experiment with different materials and techniques, and even interact with other trades such as silversmithing, engraving, silkscreen printing... This is our main motivation when we enter competitions where we’re completely free to research and present innovative designs.”

“When we don’t have instructions, we can experiment with different materials and techniques, and even interact with other trades such as silversmithing, engraving, silkscreen printing...”

○ **Pino Encuadernaciones**
Pablo Otero Pino
Rúa Romil, 75 baixo
36211 Vigo (Pontevedra)
pino@pinoencuadernaciones.com
www.pinoencuadernaciones.com
Carta de artesán / carta de artesano / craftsman card n° 1809
Obradoiro artesán / taller artesano / craft workshop n° 310

Proba diso é a obtención, no ano 2011, do terceiro Premio Nacional de Encadernación Artística, outorgado polo Ministerio de Cultura en recoñecemento á encadernación de *Paraíso inhabitado (2008)* escrito pola Premio Cervantes Ana María Matute. Ademais, resultou finalista destes mesmos premios en numerosas ocasións (2004, 2007, 2015 e 2016), o que confirma a súa firme traxectoria.

O interese por calquera experiencia artesanal que implique o traballo coas mans ocupa un importante espazo na filosofía de Pino Encuadernaciones e aproxímalles a mundos como a restauración, as técnicas gráficas ou a pintura manual de papeis para encadernar. É necesario entón coñecer os tempos, as medidas, controlar a temperatura e a presión... Achegarse, en definitiva, a cada unha das metodoloxías a través do tratamento adecuado, coñecendo as cualidades e requisitos que leva cada proceso. Procesos, todos eles, artesanais que confiren a cada libro o carácter de único, que reflicten unha sensibilidade estética onde literatura e estilismo dialogan nunha mesma dirección. Por iso, ante a pregunta dunha posible competencia en pleno *boom* das edicións dixitais e a produción industrial, Pablo Otero Pino teno claro: “as edicións de gran tirada teñen pouco que ver cos traballos que nós facemos, que son pequenas edicións coidadas de alto valor engadido”.

Prueba de ello es la obtención, en el año 2011, del tercer Premio Nacional de Encuadernación Artística, otorgado por el Ministerio de Cultura en reconocimiento a la encuadernación de *Paraíso inhabitado (2008)* escrito por la Premio Cervantes Ana María Matute. Además, ha resultado finalista de estos mismos premios en numerosas ocasiones (2004, 2007, 2015 y 2016), lo que confirma su firme trayectoria.

El interés por cualquier experiencia artesanal que implique el trabajo con las manos ocupa un importante espacio en la filosofía de Pino Encuadernaciones y les aproxima a mundos como la restauración, las técnicas gráficas o la pintura manual de papeles para encuadernar. Es necesario entonces conocer los tiempos, las medidas, controlar la temperatura y la presión... Acercarse, en definitiva, a cada una de las metodologías a través del tratamiento adecuado, conociendo las cualidades y requisitos que conlleva cada proceso. Procesos, todos ellos, artesanales que confieren a cada libro el carácter de único, que reflejan una sensibilidad estética donde literatura y estilismo dialogan en una misma dirección. Por ello, ante la pregunta de una posible competencia en pleno *boom* de las ediciones digitales y la producción industrial, Pablo Otero Pino lo tiene claro: “las ediciones de gran tirada tienen poco que ver con los trabajos que nosotros hacemos, que son pequeñas ediciones cuidadas de alto valor añadido”.



“As edicións de gran tirada teñen pouco que ver cos traballos que nós facemos, que son pequenas edicións coidadas de alto valor engadido”

“Las ediciones de gran tirada tienen poco que ver con los trabajos que nosotros hacemos, que son pequeñas ediciones cuidadas de alto valor añadido”

“Long-run book printing has little to do with our works, which are beautifully-produced small editions with a high added value”



Proof of this is the fact that in 2011 Pino Encuadernaciones was awarded the third prize of the National Artistic Bookbinding Awards by the Ministry of Culture for their work with the book *Paraíso inhabitado* (2008), written by the Cervantes prize-winner Ana María Matute. Furthermore, they were finalists for the same awards on many occasions (2004, 2007, 2015 and 2016), a fact which confirms their solid performance over the years.

